



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Campo da Feira s/n  
15318 Abegondo (Santaia)  
☎ 881880201 📠 981669450  
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/>

CEIP Plurilingüe San Marcos



CEIP PLURILINGÜE SAN MARCOS  
Centro de Educación Infantil - Primaria

PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

CURSO 2023-2024



CEIP Plurilingüe San Marcos

Contido

1. Introducción.....	2
2. O centro escolar .....	2
3. Marco legal.....	2
4. Disposicións xerais .....	3
5. Usuarios/as.....	4
6. Funcións.....	5
6.1. Dirección .....	5
6.2. Encargado/a .....	7
6.3. Colaboradores/as .....	7
6.3.1. Horario e xestión .....	9
6.3.2. Procedemento de selección.....	10
6.4. Consello escolar .....	11
6.5. Comisión do servizo de comedor escolar.....	11
6.6. Alumnado .....	12
7. Menú .....	13
7.1. Elaboración .....	13
7.2. Hixiene .....	14
7.3. Comidas testemuña.....	14
8. Actividades .....	15
9. Bibliografía.....	15



## CEIP Plurilingüe San Marcos

### 1. Introducción

O *Protocolo de funcionamento do comedor escolar* é un documento elaborado polo Equipo directivo do centro onde se recollen as directrices de organización e o funcionamento do servizo do comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso 2023-2024.

### 2. O centro escolar

#### Datos de identificación do centro escolar

Nome	CEIP Plurilingüe San Marcos
Código	15000016
Dirección	Campo da feira, 36, Abegondo – A Coruña, 15318
Telefóno	881 880 201
Mail	<a href="mailto:ceip.san.marcos@edu.xunta.gal">ceip.san.marcos@edu.xunta.gal</a>
Web	<a href="https://ceipsanmarcos.es/">https://ceipsanmarcos.es/</a>

O CEIP Plurilingüe San Marcos é un centro con máis de 50 anos de traxectoria. Está situado no municipio de Abegondo, provincia de A Coruña, dentro da comarca natural de As Mariñas dos Frades. O censo do concello é de 5.761 habitantes no ano 2023 segundo o INE (Instituto Nacional de Estadística).

O centro conta con 17 unidades, 5 de Educación Infantil e 12 de Educación Primaria. A xornada escolar é partida de outubro a maio (9.45-13.15 e 15.00-16.30), e continua nos meses de setembro e xuño (9.45-14.15). O comedor sitúase na planta baixa do edificio garantindo a accesibilidade de tódolos usuarios e usuarias.

### 3. Marco legal

O servizo de comedor escolar desenvolve a súa actividade atendendo á seguinte normativa:

Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.



CEIP Plurilingüe San Marcos

Orde 21 febreiro 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Instrución 2/2023, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, DO 1 DE XUÑO, SOBRE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN DIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2023-2024

4. Disposicións xerais

O servizo de comedor do noso centro corresponde coa modalidade de *Xestión directa*, tal e como se recolle no artigo 2 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto:

*Xestión directa da consellería con competencias en materia de educación, consistente na elaboración por persoal laboral da Xunta de Galicia dos menús nas dependencias do centro escolar, onde serán consumidos exclusivamente por comensais do dito centro ou, se é o caso, por comensais pertencentes a centros próximos autorizados para o efecto. Igualmente, considérase xestión directa da consellería o suposto en que a comida elaborada nun centro polo persoal de cociña propio sexa consumida nas dependencias doutro, ao que sexa transportada mediante a contratación dunha empresa especializada.*

O horario da prestación é diferente en función da xornada escolar, dividido en dúas quendas de atención ó alumnado, comezando así polos cursos máis baixos.

Horario Setembro e Xuño	Servizo Comedor escolar	Usuarios/as
1ª quenda	14.00 a 14.40	Educación Infantil, 1º, 2º e 3º Educación Primaria
Acondicionamento	14.40 a 14.45	
2ª quenda	14.45 a 15.30	4º, 5º e 6º Educación Primaria



CEIP Plurilingüe San Marcos

Horario Outubro a Maio	Servizo Comedor escolar	Usuarios/as
1º quenda	13.15 a 14.00	Educación Infantil, 1º, 2º e 3º Educación Primaria
Acondicionamento	14.00 a 14.15	
2º quenda	14.15 a 15.00	4º, 5º e 6º Educación Primaria

O alumnado desenvolverá actividades de carácter extraescolar (municipais) e/ou complementarias (propias do centro educativo) cando non estea a facer uso do servizo, coa correspondente vixilancia períodos anterior e posterior.

Durante os meses de xuño e xullo do ano en curso os centros reunirán e ordenarán as solicitudes de comedor correspondentes ao alumnado escolarizado no curso 2022-2023. Dende a Dirección do centro incorporaranse os datos na aplicación correspondente, *Comedores*.

Atendendo ó número de comensais o noso comedor escolar corresponde á Categoría tipo D: 251 a 350.

#### 5. Usuarios/as

Poderán ser usuarios/as do servizo de comedor os seguintes:

- O **alumnado** que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil.
- As **persoas con responsabilidades na organización do comedor**, así como as que colaboren na atención do alumnado durante os días de desempeño efectivo destas tarefas.
- O **persoal de cociña** destinado no centro, durante os días de desempeño efectivo do seu traballo.
- O **persoal Auxiliar Técnico Educativo (ATE)** durante o tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.
- O **persoal funcionario docente e non docente e o persoal laboral**, sempre que existan prazas libres dotadas economicamente e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado usuario.
- O **persoal auxiliar de conversa e o alumnado en prácticas** de ensinanzas de maxisterio ou grao equivalente que soliciten o servizo, sempre que, unha vez asignadas as prazas do



CEIP Plurilingüe San Marcos

comedor aos colectivos anteriormente citados, existan aínda prazas libres dotadas economicamente e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado usuario.

Para estes efectos, considérase que existen prazas libres no comedor escolar cando existan prazas vacantes dotadas economicamente, medios persoais dedicados ao servizo e que o permita a capacidade física das instalacións.

No período de adaptación, etapa de Educación Infantil, terase en conta o alumnado de incorporación progresiva e/ou total para número de usuarios/as do servizo.

## 6. Funcións

### 6.1. Dirección

A función de dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar recaerá sempre na persoa que exerza a dirección do centro, que desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, en relación co artigo 11.2 da Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar. Cómpre salientar que entre estas funcións figura a de verificar o axeitado cobramento das cantidades que, no seu caso, correspondan aos usuarios polo servizo de comedor.

O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros, que asuma responsabilidades na organización dos comedores escolares e na atención ao alumnado usuario do comedor, terá dereito a unha compensación económica, que será aboada en función dos días da súa asistencia efectiva ao comedor.

- a) **Elaborar** co equipo directivo, e de acordo coa *Comisión do servizo de comedor, o Protocolo de funcionamento do servizo de comedor escolar*, como parte integrante da *Programación Xeral Anual do centro*.
- b) **Dirixir e coordinar** o servizo de comedor escolar e designar ó persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
- c) **Supervisar** o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
- d) **Estudar e elaborar** o *Proxecto de orzamento do servizo de comedor escolar*.
- e) **Autorizar** os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.
- f) **Verificar** o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios/as del.
- g) **Facer** as contratacións de subministración, se fora o caso, de acordo coa lexislación vixente.



CEIP Plurilingüe San Marcos

- h) **Coordinar** as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- i) **Presidir**, se fora o caso, a Comisión de comedor escolar.
- j) **Velar** polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para efecto remitirá á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

É **responsabilidade da Dirección** de cada centro proceder ao cumprimento da prescrición establecida no artigo 15.4 do devandito Decreto 132/2013, de xeito que ao longo do curso escolar os impagos dos prezos públicos correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

A tal efecto, antes do **30 de setembro** do ano actual a Dirección do colexio especificará a identidade e circunstancias dos comensais, beneficiarios de gratuidade no pagamento dos prezos públicos por atoparse nos supostos un, dous, tres, catro, seis, sete, oito e nove previstos para o efecto no artigo 11 do Decreto 132/ 2013, do 1 de agosto.

Así mesmo, na última semana de cada trimestre, do curso 2023-2024, a Dirección reportará ao Servizo de Apoio aos Servizos Educativos das Xefaturas Territoriais, calquera cambio aos efectos do pagamento dos prezos públicos que se produza na condición dos usuarios do servizo, así como subministrarán datos referentes ás novas incorporacións de comensais, para os efectos da oportuna regularización dos pagamentos efectuados e ás decisións de apartamento e perda da praza de comedor dos comensais con débedas non satisfeitas.

A **Dirección do centro poderá delegar voluntariamente nun membro do claustro de profesores** a súa presenza física durante o tempo do xantar e os períodos temporais anterior e posterior a este, se ben manterán as súas responsabilidades inherentes á dirección, xestión e coordinación dos comedores. Neste caso, o docente delegado utilizará a praza do comedor reservada á dirección, en lugar de esta/e, o importe do complemento por servizos extraordinarios fixado por cada día de asistencia efectiva ao comedor escolar.

O importe do complemento por servizos extraordinarios ou, no seu caso, da compensación económica polos gastos de dedicación establecidos para o/a director/a do centro e o/a encargado/a do comedor abarcan a realización da totalidade das funcións e tarefas atribuídas normativamente, cifrándose en **14,46 €, por día de asistencia efectiva ao comedor**, con independencia do número de quendas de comedor existentes. Os importes resultantes aboaranse mediante **tres pagamentos** que comprenderán os meses de setembro a decembro, xaneiro a marzo e abril a xuño do respectivo curso escolar. Ás mesmas aplicaráselles a retención fiscal que corresponda.



CEIP Plurilingüe San Marcos

## 6.2. Encargado/a

A persoa encargada do comedor desempeñará a totalidade das funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132/2013 en relación co artigo 10.2 da Orde do 21 de febreiro de 2007, requiríndose para o efecto a súa presenza no comedor escolar. **Esta persoa terá, preferentemente, a condición de persoal docente do centro**, sexa membro ou non do equipo directivo.

A persoa encargada do servizo de comedor escolar terá as seguintes funcións:

- a) **Coordinar** un *Plan de actividades* que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.
- b) **Potenciar** o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.
- c) **Executar** as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
- d) **Organizar** o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
- e) **Elaborar** a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
- f) **Elevar** á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da *Comisión do servizo de comedor escolar*.

Para lograr unha mellor planificación e seguimento das súas funcións, a persoa encargada do servizo de comedor as asume para todo o curso escolar, salvo circunstancias excepcionais, logo de xustificación e autorización da dirección do centro.

## 6.3. Colaboradores/as

**Persoal do centro.** Os empregados públicos non poderán realizar labores de colaboración na atención do comedor escolar cando deban desempeñar os seus cometidos laborais en coincidencia co horario do servizo de comedor ou con ocasión deste (por exemplo: persoal de cociña, coidadores/as, educadores de educación especial, auxiliares de enfermaría e análogos con alumnado ao que asistan no comedor etc...).

**Demais membros da comunidade educativa.** Se fose precisa a participación dun membro da comunidade educativa que careza de relación funcionarial ou laboral coa consellería e se preste voluntariamente, para actuar como colaborador no comedor, esta persoa, antes de asumir tal





### CEIP Plurilingüe San Marcos

cometido, deberá asinar a declaración que se xunta como Anexo III da instrución 2/2023, na que consta o carácter altruísta e a título de colaboración social desinteresada da súa prestación. Tales funcións de colaboración no comedor só poderán ser desempeñadas por nais, pais, titores legais ou acolledores familiares de alumnado que estean cursando no curso 2023-2024 estudos no centro docente respectivo.

Estas persoas non poderán desempeñar as funcións de colaboración no comedor durante dous cursos escolares consecutivos, co que non poderán asumir tales cometidos as persoas que as realizasen durante un mínimo de 36 días no curso escolar 2022-2023. Soamente nos casos en que resulte motivada e probada a imposibilidade de alternancia no desenvolvemento das tarefas descritas, poderase, en virtude de autorización expresa da Xefatura Territorial que corresponda, excepcionar o cumprimento da regra xeral sinalada.

As **colaboracións** de país, nais, titores legais e acolledores familiares do alumnado matriculado no centro, aceptaranse pola Dirección cando resulten necesarias para a atención ó alumnado por non existir persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia dispoñible en número suficiente. Implicará o **compromiso**, por dito persoal, **colaborar** coa comunidade educativa no coidado e vixilancia dos/as menores comensais, a **aceptación** polo persoal colaborador do sistema de organización previsto no presente *Protocolo de funcionamento do comedor escolar* e o seu compromiso de **preavisar con tempo suficiente as súas ausencias**, que deberán ser xustificadas, ou o cese da colaboración. **O incumprimento destas condicións será causa válida para que o centro dea por terminada a colaboración.**

Esta colaboración voluntaria levarase a cabo baixo a propia iniciativa e autonomía, sen dependencia da Administración nin suxeición ao seu poder de dirección. Os colaboradores/as organizarán a súa colaboración, en coordinación coa persoa encargada do servizo de comedor nas tarefas que se vaian realizar, dentro das previstas na normativa de desenvolvemento do decreto 132/2013, polo cal poderán percibir por cada día de asistencia efectiva ao comedor compensación económica polos gastos que lle ocasiona a colaboración.

Cando as circunstancias de feito existentes nos centros que presten servizo de comedor escolar o determinen, poderase recorrer á contratación dos labores de atención do alumnado comensal con empresas de servizos.

O importe do complemento por servizos extraordinarios que percibirá o persoal docente e non docente do centro ou da compensación económica polos gastos de dedicación e desprazamentos xerados pola colaboración no comedor que percibirán os membros da comunidade escolar (nais,



CEIP Plurilingüe San Marcos

pais titores legais ou acolletores familiares do alumnado), será de **12,50 € por día de asistencia** efectiva ao comedor, con independencia do número de quendas de comedor existentes. Os importes resultantes aboaranse mediante os **tres pagamentos**. Ás compensacións económicas aplicaráselles a retención fiscal que corresponda.

### 6.3.1. Horario e xestión

Servizo Comedor escolar	Colaboradores/as	
	Horario Setembro e Xuño	Horario Outubro e Maio
Entrada	13.45	13.00
Salda	15.30	15.00

- En setembro e xuño o alumnado será acompañado ó servizo de transporte polo persoal colaborador.
- Rógase puntualidade para favorecer o correcto desenvolvemento do servizo.
- A colaboración implicará a vestimenta axeitada e emprego de mandilón.
- Cada colaborador/a terá unha posición establecida en función das necesidades.
- É necesario desenvolver o deber de sixilo en relación ás necesidades específicas do alumnado.
- É obrigatorio deixar constancia de posibles accidentes durante o transcurso do servizo de comedor.

TAREFAS ESPECÍFICAS antes da chegada do alumnado ó servizo:

- Servir auga.
- Acoller ó alumnado para dar comezo á hora de comer.

Unha vez chegado ó alumnado:

- Servir o primeiro prato.
- Supervisar o proceso para que todo o alumnado probe os distintos alimentos, respectando os ritmos de cada un.
- Retirar prato en conxunto cando os comensais rematen para comezar co segundo, do mesmo xeito desenvolverase o cambio á sobremesa.



CEIP Plurilingüe San Marcos

- Ó remate do xantar o alumnado será acompañado polo persoal colaborador ó espazo determinado, tendo en conta as inclemencias climáticas e necesidades organizativas.

### 6.3.2. *Procedemento de selección*

A partir do 26 de xuño de 2023 e ata o 1 de setembro de 2023, exporase nos centros escolares o anuncio de apertura do prazo de admisión de solicitudes dos membros da comunidade educativa para actuar como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2023-2024, que se recolle como Anexo IV da instrución 2/2023. Rematado o referido prazo, a Dirección do centro, tras acordo do Consello escolar, determinará as persoas que durante o curso 2023-2024 van a colaborar voluntariamente nas tarefas de atención e apoio dos alumnos comensais, elixindo aquelas idóneas, que non tiveran oportunidade no curso 2022-2023 de colaborar no comedor escolar durante máis de 36 días. No suposto de que o número de solicitantes non colaboradores durante máis de 36 días no curso anterior non cubrira as necesidades existentes nos centros, de acordo coas esixencias da Orde do 21 de febreiro de 2007 ou da que corresponda, no caso de aprobarse unha nova orde que a substitúa, a Xefatura Territorial correspondente poderá autorizar provisionalmente a colaboración de pais, nais, titores legais ou acolledores familiares de alumnos matriculados nos centros aínda que xa actuaran voluntariamente durante máis de 36 días no curso 2022-2023.

Para estes efectos, as direccións dos centros terán que presentar ante as Xefaturas Territoriais correspondentes os certificados de exposición e o resultado do anuncio de apertura do prazo de admisión de solicitudes dos membros da comunidade educativa para actuar como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2023-2024, recollidos como Anexo V da instrución 2/2023.

A antedita autorización provisional estenderase ata o 22 de decembro de 2023, data de remate final, no seu caso, da admisión de solicitudes de colaboración para o curso 2023- 2024, para o cal nos centros de ensino que non obtiveron suficientes voluntarios que non colaboraran no curso anterior, o anuncio recollido no Anexo IV da instrución estará exposto ata a citada data.

O 29 de xullo do 2015 publicouse a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de Modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, que modificou a Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor. A nova lei establece textualmente, no seu artigo 13.5 o seguinte:

*Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual,*



CEIP Plurilingüe San Marcos

*exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.*

Ao obxecto de garantir o cumprimento das citadas normas e no marco establecido por elas, a todas as persoas que desexen colaborar no comedor escolar deberáselles esixir que acompañen coa **solicitud de colaboración a acreditación de non ter sido condenado en sentenza firme por delitos sexuais**. As persoas elixidas como colaboradores deberán **achegar NIF**, ou no seu caso NIE, así como **certificación acreditativa dunha entidade financeira** onde dispoñan de conta, aos efectos de poder realizarlles os correspondentes pagamentos.

Estas persoas admitidas como colaboradores **cesarán na súa actividade voluntaria** no comedor escolar no caso de que no centro de ensino se reciba petición de colaborar proveniente de persoal funcionario e laboral destinado no colexio ou de pais, nais, titores legais e acolletores familiares do alumnado escolarizado no centro, así como no momento da finalización da aplicación das medidas educativas e sanitarias motivadas pola pandemia.

#### 6.4. Consello escolar

É competencia do Consello escolar aprobar o *Protocolo de funcionamento do comedor escolar* a integrar na *Programación Xeral Anual*.

O **menú será único para todos os usuarios/as** do comedor escolar, **excepto** nos casos de alumnado que padeza calquera tipo de **intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante certificado médico**. Nestes casos, o Consello escolar do centro autorizará a que se sirvan menús adaptados ás súas necesidades, ou, no seu caso, que se lles faciliten os medios necesarios para a conservación e consumo de menús proporcionados polas familias.

#### 6.5. Comisión do servizo de comedor escolar

Existirá unha *Comisión do servizo de comedor escolar* dentro do Consello escolar, que será a mesma *Comisión económica* do centro pero integrada, ademais, pola persoa encargada do servizo de comedor. Esta comisión desenvolverá as seguintes funcións:

- a) **Elaborar** o *Borrador de anteproxecto de orzamento do servizo de comedor escolar*.
- b) **Colaborar** co equipo directivo e o encargado do servizo de comedor, se for o caso, na xestión económico-administrativa dos fondos do servizo de comedor.



CEIP Plurilingüe San Marcos

- c) **Propoñer** ao Consello escolar os menús, de acordo cun programa de alimentación sa e equilibrada.
- d) **Elaborar e propoñer** ao Consello escolar un *Plan de actividades que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor escolar*.
- e) **Seguimento** do servizo de comedor, formulando propostas de mellora, se é o caso, ante o consello escolar.
- f) **Velar** polo cumprimento das normas vixentes sobre sanidade e hixiene.
- g) Calquera outra función necesaria para o correcto desenvolvemento do servizo de comedor.

#### 6.6. Alumnado

O alumnado deberá chegar ó servizo de comedor desenvolvendo previamente o lavado de mans e emprego de aseo, o cal facilite á xestión de dito servizo e o seguimento polo persoal colaborador, en ambas quendas.

En relación ás **normas** durante o emprego do servizo deben:

- Realizar as entradas e saídas de xeito ordenado, tendo en conta á organización das aulas e a súa situación no espazo correspondente.
- Empregar un ton de voz axeitado, sen berrar.
- Respetar ós compañeiros/as e persoal colaborador e de cociña.
- Respetar as instalacións, mobiliario e enxoval (louza, cubertos, vasos).
- Respetar as *Normas de Organización e Funcionamento do Centro*, faltas leves e graves.
- Valorar a comida, non xogando con ela nin lanzar e/ou tirar esta ou outros obxectos.
- Permanecer no asento asignado, non abandonado o posto sen permiso do persoal colaborador.
- Probar os distintos alimentos, podendo repetir os pratos do menú unha vez rematada a comida servida.

Se o **alumnado non vai asistir** (imprevistos) a súa ausencia deberá ser trasladada á Secretaría do centro antes das 9.45 horas do día que deba ter efecto. Tamén se comunicará en dito horario aqueles **menús-dieta** derivados de problemas de saúde os cales impliquen un **cambio na dieta**.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que **durante o prazo dun mes de xeito continuado** non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, **causarán automaticamente baixa no servizo**, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do



CEIP Plurilingüe San Marcos

respectivo centro educativo. Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en **tres ocasións non comuniquen a súa ausencia** antes das 9.45 horas do día que deba ter efecto, **poderán serán suspendidos** pola Dirección do centro ao dereito ao uso do servizo de comedor **durante 10 días**.

## 7. Menú

### 7.1. Elaboración

A elaboración dos menús farase de maneira que proporcione ó alumnado unha dieta equilibrada adaptada ás necesidades nutricionais de cada grupo de idade, contribuíndo ó seu mellor desenvolvemento físico, favorecendo tamén á adquisición de hábitos alimentarios saudables.

O menú será único para todos os usuarios/as do comedor escolar, exceptuando os casos nos que se padeza calquera tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante certificado médico. Tamén se terá en conta os casos que por motivos relixiosos requiran algunha modificación atendendo os principios e fins recollidos na Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación:

*A calidade da educación para todo o alumnado, sen que exista discriminación algunha por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnico ou xeográfico, discapacidade, idade, enfermidade, **relixión ou crenzas**, orientación sexual ou identidade sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.*

*A educación no **respecto** ós dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas por razón de nacemento, orixe racial ou étnico, **relixión, convicción**, idade, de discapacidade, orientación ou identidade sexual, enfermidade, ou calquera outra condición ou circunstancia.*

A Consellería divulgará e fomentará a utilización no comedor escolar de **protocolos ou guías**, avaliadas por expertos nutricionistas, nos que se recollerán relacións de menús axeitados ás necesidades nutricionais dos escolares segundo os grupos de idade, nas distintas estacións do ano, así como regras de alternancia de alimentos e aportes calóricos dos mesmos. Propiciará **accións formativas en nutrición, dietética e tratamento dos alimentos**, dirixidas ó persoal dos centros con comedores escolares xestionados pola consellería con responsabilidades de distinto orde na confección e elaboración de menús saudables. Deste xeito os menús elaborados serán supervisados polo **Servizo de Apoio Especial de Nutrición** do SERGAS, neste caso ó correspondente *Centro de saúde de Abegondo*, participando tamén en actividades de formación para a comunidade educativa.



CEIP Plurilingüe San Marcos

Coa finalidade de que as familias poidan completar o réxime alimenticio do alumnado de acordo cos criterios dunha alimentación saudable e equilibrada, a programación dos menús exporase no interior do colexio e na web, en galego e castelán ó ser un centro *Plurilingüe*.

## 7.2. Hixiene

O comedor escolar cumprirá os requisitos de control de calidade esixidos pola normativa vixente en materia de hixiene na produción e comercialización dos produtos alimenticios, e na elaboración, distribución e comercio das comidas preparadas. Someterase ós sistemas de control externo e programas de autocontrol que establezan os procesos de homologación correspondentes.

## 7.3. Comidas testemuña

A recollida e conservación de comidas testemuña por parte dos operadores económicos, está contemplada no Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, artigo 10.3.

*As autoridades competentes, en función do risco que presente o establecemento, segundo o tipo de elaboración que realice, o seu sistema de autocontrol e o público o que van destinadas as comidas preparadas, poderán esixir ós responsables dos referidos establecementos, que dispoñan de comidas testemuña, que representen as diferentes comidas preparadas servidas ós consumidores diariamente, e que posibiliten a realización dos estudos epidemiolóxicos que, no seu caso, sexan necesarios.*

*Estes pratos testemuña estarán claramente identificados e datados, conservados axeitadamente (refrixeración ou conxelación) durante un mínimo de dous días e a cantidade corresponderá a unha ración individual.*

Do mesmo xeito, o Real decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación en materia de hixiene; harmoniza os requisitos esixibles ás comidas testemuña nos establecementos de comidas preparadas, así o artigo 30 puntos 1 e 2, refírense á recollida e conservación das comidas testemuña, o que facilitaría a realización do estudo epidemiolóxico en caso necesario

*Os operadores económicos que elaboren comidas preparadas para ser consumidas en lugares como residencias de maiores, centro de día, **comedores escolares**, escolas infantís, hospitais, ou campamentos infantís e medios de transporte, ou cando as elaboren en comedores colectivos, como comedores de empresa ou por encargo para grupos de polo menos corenta*

CEIP Plurilingüe San Marcos

*comensais (vodas, comuñóns, etc...), deberán dispor de comidas testemuña, que representen as diferentes comidas preparadas servidas ós consumidores, para posibilitar a realización de estudos epidemiolóxicos que, no seu caso, sexan necesarios.*

*Estas **comidas testemuña** recolleranse tras a elaboración e estarán claramente identificadas e datadas, **conservadas en refrixeración** a unha temperatura igual ou inferior a **catro graos** centígrados durante un **mínimo de sete días** e a cantidade corresponderá a unha ración individual de como **mínimo cen gramos**.*

Os días que se realicen **actividades complementarias dentro do recinto escolar, fóra deste e/ou da localidade**, o alumnado que empregue o servizo de comedor poderá facer uso deste por medio de **Menú-pícnico**. Aquel alumnado non usuario do comedor tamén poderá facer uso, sempre e cando a familia estea de acordo, facilitando a xestión do momento de xantar.

## 8. Actividades

Nos tempos anterior e posterior ó servizo de comedor o alumnado poderá desenvolver actividades de ocio e tempo libre. Inclúense aquí aquelas organizadas polo Concello como actividades extraescolares (de inscrición nel), respectando as quendas do propio servizo. O alumnado poderá empregar os recursos e zonas de xogo do centro dirixidos a tal fin, tendo en conta as inclemencias climáticas e/ou outras situacións que impliquen modificacións.

## 9. Bibliografía

*Guía de axuda para programar os menús escolares.* (2014). Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.  
[https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/478/Guias\\_menus\\_escolares.pdf](https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/478/Guias_menus_escolares.pdf)

Enfermedad celiaca, alergias alimentarias e intolerancia a la lactosa en centros educativos (1a edición setembro 2020). (2020). FACE, ATX, AEPNAA, ADILAC.  
<https://www.aepnaa.org/recursos/publicaciones-archivos/7fba3f4c3c99584672ec7a94e6304d4b.pdf>

Plan de acción para la prevención del sobrepeso y la obesidad en Galicia: Desde una perspectiva de salud pública 2022-2030. (2021). XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE SANIDAD DIRECCIÓN GENERAL DE SALUD PÚBLICA.  
[https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/texto\\_plan\\_obesidade\\_zero\\_xunta\\_esp-v2.pdf](https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/texto_plan_obesidade_zero_xunta_esp-v2.pdf)





**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Campo da Feira s/n  
15318 Abegondo (Santaia)  
☎ 881880201 📠 981669450  
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/>

CEIP Plurilingüe San Marcos

Aprobada no Consello escolar a 5 de setembro de 2023

E para que así conste,

Asdo.:

Leila Alberte Miguélez

*Dirección*

Asdo.:

Yago Ríos Liz

*Secretaría*

